



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Paula Ares Otero, Secretaria-Interventora do Concello de Lousame (A Coruña) do que é Alcaldesa, dona María Teresa Villaverde Pais

**CERTIFICA:** Que a **Xunta de Goberno Local**, na **sesión ordinaria** que tivo lugar o día **18 de abril do 2024**, adoptou entre outros o seguinte **acordo**, que se transcribe dun xeito literal, salvo erro ou omisión involuntarias, e sen prexuízo do que resulte da aprobación definitiva da Acta:

## **2) APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA PARA A REDUCCIÓN DO EMPREGO TEMPORAL**

1

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro (4) concelleiros presentes, sendo catro (4) o seu número legal de membros, **ACORDA:**

*“Asunto: Modificación da Oferta de Emprego Pública (OEP) extraordinaria, para a redución do emprego temporal*

*Expediente: 2022/X998/000038*

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para adopción deste acordo, adóptao baseado nos seguintes antecedentes e fundamentos xurídicos.

### **Antecedentes Administrativos:**

- 1.- Providencia da Alcaldía do 18.05.2022 incoando o expediente administrativo e solicitando a emisión dos informes técnicos oportunos.
- 2.- Informe emitido pola funcionaria encargada do Departamento de nóminas e persoal, do día 19.05.2022 identificando as prazas que deben ser incluídas na OEP extraordinaria para a redución da temporalidade no emprego público.
- 3.- Acta da Mesa Xeral de Negociación relativa á OEP Extraordinaria, que tivo lugar o día 21.05.2022, na que os sindicatos que concorreron manifestaron o seu apoio á proposta da Alcaldía.
- 4.- Informe da Secretaría-Intervención núm. 80/2022 do 22.05.2022.
- 5.- Resolución de Alcaldía núm. 266 do 22.05.2022 de avocación de competencias da Xunta de Goberno Local na Alcaldía.



6.- Resolución da Alcaldía núm. 267/2022 do 23.05.2022 aprobado a OEP extraordinaria, para a redución do emprego temporal. Foi publicada no Boletín Oficial da Provincia 99 do 26/05/2022.

7.- Tras a oportuna negociación na Mesa Xeral de Negociación que tivo lugar o día 02/12/2022, mediante Resolución da Alcaldía 701/2022 do 05/12/2022 aprobouse a convocatoria daquelas prazas incluídas na Oferta de Emprego Pública Extraordinaria na aplicación da DA 6ª e 8ª da Lei 20/2021. Do mesmo xeito aprobáronse as Bases Xerais e Específicas que rexerán a convocatoria e os procesos selectivos correspondentes.

8.- O anuncio da convocatoria e as bases xerais e específicas para executar a OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (DA 6ª e 8ª da Lei 20/2021) foi publicada:

- a. Na sede electrónica municipal o día 07/12/2022
- b. No Boletín Oficial da Provincia 234 do día 13/12/2022

9.- O anuncio da convocatoria para executar a OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (DA 6ª e 8ª da Lei 20/2021) foi publicada:

- a. No Diario Oficial de Galicia 239 do 19/12/2022
- b. No Boletín Oficial do Estado 307 do 23/12/2022

### Fundamentos xurídicos:

**Primeiro:** A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, ten por obxecto situar a taxa de temporalidade estrutural por debaixo do 8% no conxunto das Administracións Públicas, actuando a reforma en tres dimensións: adopción de medidas inmediatas para remediar a elevada temporalidade existente, articulación de medidas eficaces para evitar e sancionar o abuso e o fraude na temporalidade a futuro, e por último, potenciación da adopción de ferramentas e unha cultura da planificación para unha mellor xestión dos recursos humanos.

Por isto, entre outras medidas, prevé que teña lugar un proceso de estabilización do emprego temporal nas Administracións Públicas que se estrutura en dúas liñas principais:

- Por unha banda, autorízase un terceiro proceso de estabilización do emprego público, adicional aos que se regularon nos artigos 19.Uno.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 e 19.Uno.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, que incluírá as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, cadro de persoal ou outra forma de organización de recursos humanos que estean contempladas nas distintas Administracións Públicas, e estando dotadas orzamentariamente, tiveran estado ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente nos tres anos anteriores a 31 de decembro de 2020.
- Por outro banda, con carácter único e excepcional, de conformidade co previsto no artigo 61.6 e 7 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), prevé a posibilidade de convocar, polo sistema de concurso, aquelas prazas, que reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, tiveran sido ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.



**Segundo:** En consonancia co anterior esta Alcaldía ditou providencia o día 18.05.2022 na que solicitaba á funcionaria encargada do Departamento de nóminas e persoal que emitise informe sobre as prazas que cumprían os requisitos para ser incluídas neste proceso extraordinario de estabilización do emprego público, ao abeiro da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

**Terceiro:** O artigo 2.4 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, establece: “A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, poderá ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración Xeral do Estado, comunidades autónomas e entidades locais, podendo articularse medidas que posibiliten unha coordinación entre as diferentes Administracións Públicas no desenvolvemento dos mesmos no seo da Comisión de Coordinación do Emprego Público”.

No seu cumprimento, a Alcaldía elaborou unha listaxe de prazas a incluír nesta Oferta de Emprego Público extraordinaria e iniciouse a negociación coas organizacións sindicais máis representativas, sendo convidados os sindicatos UGT, CCOO, CSIF e CIG. En virtude desta negociación tivo lugar unha Mesa Xeral de Negociación o día 21.05.2022, na que se acordou:

- Incluir todas as prazas previstas na RPT que están ocupadas por persoal laboral temporal ou indefinido non fixo.
- Incluir as prazas do persoal do Centro de Día, 1 Terapeuta Ocupacional e 3 Xerocultores/as. Non estaban inicialmente previstas na RPT, pero si o estarán no documento definitivo tras o período de información pública.
- Incluir 2 prazas non previstas na RPT pero que cumpren os requisitos previstos legalmente: Técnico/a das Minas de San Finx e Socorrista (persoal laboral fixo discontinuo)
- Excluir as prazas das Auxiliares do SAF, non incluídas na RPT; xa que se vai modificar a forma da prestación do servizo, pasando dunha xestión directa a unha xestión indirecta a través dun contrato de servizos, licitado ao abeiro da Lei de Contratos do Sector Público.

**Cuarto:** Finalmente, e tal e como se expuxo anteriormente, conforme ao establecido no apartado 2 do artigo segundo da Lei 20/2021: “As ofertas de emprego que articulen os procesos de estabilización contemplados no apartado 1, así como o novo proceso de estabilización, deberán aprobarse e publicarse nos respectivos diarios oficiais antes do 1 de xuño de 2022 e serán coordinados polas Administracións Públicas competentes. A publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022. A resolución destes procesos selectivos deberá finalizar antes do 31 de decembro de 2024.”

**Quinto:** No cumprimento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, mediante Resolución da Alcaldía núm. 267/2022 do 23.05.2022 aprobouse a OEP extraordinaria, para a redución do emprego temporal. Foi publicada no Boletín Oficial da Provincia 99 do 26/05/2022.

**Sexto:** Tras a oportuna negociación na Mesa Xeral de Negociación que tivo lugar o día 02/12/2022, mediante Resolución da Alcaldía 701/2022 do 05/12/2022 aprobouse a convocatoria daquelas prazas incluídas na Oferta de Emprego Pública Extraordinaria na aplicación da DA 6ª e 8ª da Lei 20/2021. Do mesmo xeito aprobáronse as Bases Xerais e Específicas que rexerán a convocatoria e os procesos selectivos correspondentes.

**Oitavo:** En consonancia coa configuración do posto de traballo na Relación de Postos de Traballo do Concello de Lousame, na OEP Extraordinaria para a redución da temporalidade no emprego



público (aprobada mediante Resolución da Alcaldía 267/2022 do 23.05.2022), incluíase a seguinte praza:

Denominación	Natureza	Número	Grupo/Subgrupo	Xornada	Código RPT	Quenda/Provisión
Animador/a Deportivo/a	Laboral	1	IV: C2	Completa	5115	Libre/ Concurso (DA 6ª Lei 20/2021)

**Noveno:** Posteriormente, comprobouse que a clasificación atribuída ao posto non era correcta, xa que polas funcións que desenvolvía, na aplicación da Lei do Deporte de Galicia, e á vista das familias profesionais da rama de actividades físicas deportivas, a titulación esixida para o desempeño desas funcións é a de Técnico Superior, equiparable ao Grupo B de funcionarios.

Así, iníciase o procedemento para modificar a Relación de Postos de Traballo do Concello de Lousame. Tras a oportuna negociación coas centrais sindicais, na Mesa Xeral de Negociación, aprobación inicial polo Pleno Corporativo, período de información pública, e resolución de alegacións, o Pleno Corporativo aproba definitivamente a modificación da Relación de Postos de Traballo, na sesión plenaria que tivo lugar o día 05/04/2024, coa seguinte configuración:

Denominación	Natureza	Número	Grupo/Subgrupo	Xornada	Código RPT
Técnico/a Animación Física/Deportiva	Laboral	1	X: B	Completa	5115

4

Modificada a Relación de Postos de Traballo, cómpre modificar a OEP Extraordinaria, no seu día aprobada; tal e como se negociou na Mesa Xeral de Negociación, que tivo lugar con ocasión da tramitación do expediente para modificar a RPT do Concello de Lousame.

Á vista do exposto, esta Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas pola Resolución da Alcaldía núm. 375/2023 do 07.07.2023, e para dar cumprimento ao mandato legal previsto na Lei 20/2021 do 28 de decembro

**RESOLVE:**

**Primeiro:** Modificar a Oferta de Emprego Público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal ao abeiro da Lei 20/2021 do 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, no tocante á seguinte praza que queda configurada do seguinte xeito:

Denominación	Natureza	Número	Grupo/Subgrupo	Xornada	Código RPT	Quenda/Provisión
Técnico/a Animación Física/Deportiva	Laboral	1	X: B	Completa	5115	Libre/ Concurso (DA 6ª Lei 20/2021)

**Segundo:** Publicar anuncio na sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro:** Dar conta ao Pleno Corporativo na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
[www.concellodelousame.com](http://www.concellodelousame.com)  
[concellodelousame@concellodelousame.com](mailto:concellodelousame@concellodelousame.com)  
C.I.F. P-1504300-c

---

E para que así conste, e aos efectos oportunos, emítase o presente, co visto e praxe da Alcaldía, en Lousame na data da sinatura dixital

A Alcaldesa, M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais

A Secretaria-Interventora, Paula Ares Otero